

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DIA VINTESEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL CINCO (26.12.2005)

PLENO NUMERO 09/2005

No Salón de sesións do Ilmo. Concello de Bóveda, cando son as doce horas e tres minutos do día vinteseis de decembro de dous mil cinco, reúnese en sesión ordinaria e en primeira convocatoria o Concello Pleno baixo a Presidencia do Alcalde:

1.- D. JOSÉ MANUEL ARIAS LÓPEZ

Concorren a sesión os seguintes Concelleiros:

- 2.- D. JUAN RODRÍGUEZ PAREJAS,
- 3.- D. SANTIAGO LÓPEZ VÁZQUEZ
- 4.- DNA. PILAR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
- 5.- D. JOSÉ LUIS RIVERA SACO
- 6.- D. XOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ CASTRO
- 7.- D. ROSENDO LÓPEZ SALGUEIRO

Non asisten os Concelleiros:

- 8.- D. LUIS FERNÁNDEZ OJEA
- 9.- DNA. ANA RUTH JUÍZ LUGO

Como Secretario D. Luis Eduardo Matias Sánchez que da fe.

II.- ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A INFANCIA

Establece-lo do prezo público pola prestación do servizo de atención a infancia, nos seguintes termos:

Artigo 1.-Concepto.

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Bóveda establece o prezo público pola prestación do Servizo de Atención á Infancia.

Artigo 2.- Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pago do prezo público regulado na presente ordenanza quenes se beneficien da prestación deste servizo realizada polo Concello.

Artigo 3.-Tarifas.

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será de trinta euros mensuais por praza para os/as nenos/as que estean empadronados xunto co seu representante legal neste Concello, e de sensenta euros por praza para os/as restantes nenos/as.

As familias que teñan ingresados máis dun fillo neste servizo pagarán polo segundo e seguintes a metade da tarifa.

Artigo 4.-Normas de xestión.

1.-Poderán solicitar praza no centro de referencia os pais ou representantes legais

dos nenos e nenas que cumpran o requisito de ter cumpridos os tres meses e ter menos de tres anos de idade na data de ingreso.

2.-O centro permanecerá aberto consonte calendario laboral, durante todo o ano agás o mes de agosto, de luns a venres, en horario a determinar consonte as necesidades.

3.-Os pais ou representantes legais dos/as nenos/as presentarán a solicitude para o seu ingreso no modelo oficial, presentando con ela:

-D.N.I. do solicitante e, se é o caso, do representante legal.

- Persoa ou persoas autorizadas para recoller os/as nenos/as en caso de ausencia dos pais ou titores legais, debendo, en todo caso, avbisar previamente.

-Libro de familia ou, no seu defecto, certificacións literais de nacemento.

-Certificado médico no caso de enfermidades crónicas.

-Tarxeta sanitaria.

4.-Os pais ou representantes legais de nenos/as xa matriculados no centro que desexen renovar praza para o curso seguinte deberán presentar solicitude de reserva de praza durante o mes de xullo.

5.-Os solicitantes que non tiveran praza por estar todas elas cubertas poderán quedar en lista de espera, e as vacantes que se vaian producindo ó longo do ano serán cubertas por rigurosa orde de inscrición entre os solicitantes en lista de espera.

6.-Causarase baixa no centro por algunha das circunstancias seguintes:

a) Por cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.

b) A instancia dos pais ou representantes legais.

c) Por non paga-la cuota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o ano ó que se refire a débeda.

Artigo 5.-Obriga de pago.

A obriga de pago do prezo público regulado na presente Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servico.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da provincia o texto íntegro aprobado definitivamente, de conformidade co disposto no artigo 59.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e comenará a aplicarse a partir do día seguinte o da súa publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

III.- DICTAME SOBRE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RESOLUCIÓN DE VINTESETE DE OUTUBRO DO 2005 DO CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL POLA QUE SE DENUNCIA O CONVENIO ASINADO DO CONCELLO DE BÓVEDA DE DATA 20/05/2005

Con data vinteseite de outubro de dous mil cinco o Conselleiro do Medio Rural denuncia o convenio asinado o pasado día vinte de maio de dous mil cinco con esta Corporación Local coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para a realización das obras de infraestrutura rural, denominadas "Camiño de acceso a Remesar e outros", cun presuposto de 143.077,86 €

Ante este feito insólito e inaudito da nosa historia democrática recente, esta Alcaldía, non pode senón pedir no pleno da Corporación que adopte un acordo en virtude do cal todos os grupos políticos por unanimidade mostremos a nosa máis enérxica protesta por tal irresponsable actitude dunha Administración que se xacta de servir con obxectividade os intereses xerais.

Non podemos esquecer que a Corporación, mediante Decreto 136/2005, con data once de maio de dous mil cinco, aprobou a execución das citadas obras ao amparo do Programa de Cooperación para Infraestructuras Rurais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia.

Por canto antecede, e sen prexuízo das accións que en Dereito procedan, pola presente propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguinte acordo:

Primeiro: Manifestar o noso máis enérxico rexeitamento diante esta actitude totalmente inxustificada, arbitraria e contraria aos intereses dos veciños do Concello.

Segundo: Remitir o presente acordo aos Sres. Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galicia e ao Conselleiro do Medio Rural.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde-presidente para canto sexa preciso co fin de garantir a efectividade do presente acordo.

IV.- DICTAME SOBRE ESCRITO DO BNG RELATIVA Á DECLARACIÓN DO PATRIMONIO ORAL GALEGO-PORTUGUÉS COMO OBRA MESTRA DO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Queda rechazada, por cinco votos en contra e dous a favor,

V.- DICTAME SOBRE ESCRITO DO PSG-PSOE SOBRE UN MUNDO SEN VIOLENCIA DE XENERO E SEN DISCRIMINACIÓN

O PSdeG, como cada 25 de novembro, como todos e cada un dos días do ano se manifesta xunto ca sociedade española e galega, contra a violencia de xénero, a manifestación máis brutal da desigualdade que aínda persiste na nosa sociedade.

Loitar contra ela, combatila ata que desapareza das nosas vidas, debe converterse nun compromiso social da máxima prioridade. Se trata dunha cuestión de dereitos humanos e de disfrute de liberdades fundamentais.

Dereitos e liberdade absolutamente incompatibles co medo dunha muller a ser agredida, precisamente no espazo no que as persoas nos debemos sentir máis seguras, o espazo da nosa intimidade familiar, e precisamente ademais, pola persoa ca que a muller mantén unha relación afectiva e de confianza.

O Presidente do Goberno, José Luis Rodríguez Zapatero, definiu con toda a crueza da realidade a violencia de xénero como unha manifestación do "machismo criminal".

Emilio Pérez Touriño, Presidente da Xunta de Galicia, asumiu en repetidas ocasións que a loita contra esta lacra era o reto que asumía con máis decisión e convencido de que debemos dar unha resposta efectiva fronte á Violencia de Xénero. "Hai esperanza nesta loita, e a esta revolución apasionante pola decencia, a xustiza e os dereitos que queremos iniciar en Galicia vos invito a todos"

Esto é un exemplo de que a loita dos gobernos e das administracións foi e sigue sendo decisiva e imprescindible para avanzar en igualdade e liberdade.

Existe machismo trala percepción de propiedade e especialmente de dominio, que os maltratadores proxectan sobre as súas parellas, dentro dun esquema de relacións sociais aínda claramente discriminatorias en relación ca muller, ca subsistencia de diferentes roles de comportamento en función do xénero.

É criminal a violencia sobre a Muller, porque é un crime atentarse contra a súa vida, a súa integridade física, o seu dereito á liberdade, ao respecto, á capacidade de decisión e á autoestima.

Os avances legislativos en materia de loita contra a Violencia ás mulleres constitúen un claro compromiso social, moi especialmente na Lei Orgánica 1/2004 de 28 de

decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, unha decidida aposta para responder o déficit de cidadanía que representa a agresión contra as mulleres.

Esta Lei foi impulsada polas asociacións de mulleres e colectivos en defensa da igualdade, cuxo papel foi determinante. Elaborada polo Goberno Socialista, en cumprimento do Programa Electoral, foi aprobada por unanimidade de todos os partidos políticos, o pasado mes de decembro de 2004.

Estamos ante un instrumento legal, pioneiro en Europa e no mundo, que leva a cabo unha importante modificación do noso ordenamento xurídico, en materia de prevención a través da educación e da publicidade, establecendo o dereito a asistencia social integral e xerando os mecanismos legais e recursos para facela efectiva, en coordinación cas CC.AA., titulares de esta competencia.

Así mesmo, reconece dereitos económicos, a través de axudas financiadas con cargo ós Orzamentos Xerais do Estado; dereitos laborais, como a redución do tempo de traballo, mobilidade xeográfica, e reserva do posto de traballo, acceso a vivendas protexidas e residencias para maiores; atención sanitaria especializada; dereito a información e asesoramento especializado e adecuado á súa situación; dereito á asistencia xurídica gratuíta.

A tutela institucional, imprescindible para desenvolver esta Lei e combater o maltrato, se establece a través da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, a través da especialización e coordinación nesta materia das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e a través da creación da Fiscalla contra a Violencia sobre a Muller.

A tutela penal, expresa con contundencia a protección á muller contra as lesións, malos tratos, ameazas, coaccións, quebrantamento de condena ou vexacións e endurece as penas pola comisión de estes delitos.

Por todo elo, sometemos a consideración do Pleno da Corporación esta MOCIÓN para que este adopte os seguintes ACORDOS:

1.- Solicitar da Xunta de Galicia a posta en marcha da Lei Galega contra a Violencia de Xénero.

2.- Solicitar o Goberno do Estado a creación do Observatorio Estatal contra a Violencia sobre a Muller para completar a posta en marcha de todos os instrumentos previstos na Lei Integral contra a Violencia de Xénero.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a aplicación, á maior brevidade posible, do Fondo Estatal creado co obxectivo de colaborar orzamentaria mente no funcionamento dos Servicios de Atención Integral cunha planificación adecuada ás necesidades territoriais para garantir o dereito da muller maltratada a ser atendida.

4.- Impulsar a coordinación entre todas as administracións públicas, cada unha no marco das súas competencias, para actuar en todos os frontes co fin de previr o maltrato, protexer ás vítimas e castigar o delito.

5.- Reforzar e poñer en marcha por parte do Concello de Bóveda as iniciativas e programas, encamiñados a visibilizar esta terrible violencia e a comprometerá sociedade no seu conxunto na súa desaparición.

6.- Que desde o goberno municipal se poña en marcha unha estratexia de actuación que implique a transversalidade de tódalas actuacións que incidan na loíta contra a violencia de xénero